

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO curso 2019-20

Requisitos: nota media do bacharelato igual ou superior a 8,75

O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 22 de agosto de 2020

Cada premio estará dotado con 1.000 €

O alumnado que obteña o premio extraordinario de bacharelato poderá estar exento, durante o primeiro ano e por unha soa vez, do pagamento dos prezos públicos por matrícula no primeiro curso dos estudos superiores nun centro público.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Será imprescindible cubrir previamente os datos na aplicación que se atopa no enderezo <https://www.edu.xunta.es/premiosedu>

O alumnado deberá realizar unha proba que terá carácter único en todo o territorio da Comunidade, que terá lugar de forma simultánea nas distintas sedes. Aínda non está fixada a data para a realización da proba.

A proba estruturarase en dúas partes:

1. Primeira parte, para desenvolver en dúas horas:

1.1. Análise e comentario crítico dun texto sobre un tema de carácter xeral, histórico, filosófico ou literario.

1.2. Resposta a cuestións de carácter cultural ou lingüístico sobre un texto en inglés.

2. Segunda parte, para desenvolver nunha hora:

Desenvolvemento de temas, respostas a cuestións e/ou exercicios prácticos dunha materia xeral do bloque de materias troncais cursada polo alumnado, para elixir entre as seguintes: Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, Latín II e Fundamentos da Arte II.

Toda a información no [DOG do 22 de xullo](#)